

# Estatutos da Asociación

## **"Asociación para persoas con discapacidade e familiares, ARELA - Cambre"**

### Capítulo I. Da asociación en xeral

**Artigo 1.** Baixo a denominación de **Asociación para persoas con discapacidade e familiares, ARELA - Cambre**, o día 19 de xullo de 2007 constitúese na localidade de Cambre a presente asociación, configurándose como unha entidade non lucrativa constituída por tempo indefinido, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, que se rexerá polos presentes Estatutos, pola lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

**Artigo 2.** Esta asociación terá como misión, **"A promoción, defensa e atención de das persoas con discapacidade e dos seus familiares"**.

**Artigo 3.** Os fins principais da asociación son:

- Promover a total integración das persoas con discapacidade no seu entorno familiar e social.
- Mellorar a situación das persoas con discapacidade, e dos seus familiares, loitando contra calquera tipo de discriminación.
- Apoiar, orientar e asesorar os familiares das persoas con discapacidade.
- Promocionar o uso das novas tecnoloxías e difundir os avances científicos relacionados cas súas problemáticas, entre as persoas con discapacidade.
- Achegar apoio, información, asesoramento e orientación de cara a capacitación profesional, busca de emprego e integración laboral.
- A promoción do voluntariado en todos os seus niveis.
- Promover, organizar e fomentar estudos e proxectos de investigación de toda índole, especialmente os que fagan referencia os fins e sectores de actuación da entidade.

**Artigo 4.** Para o cumprimento destes fins realizaranse:

- Actividades lúdicas, de animación, educativas, culturais e deportivas para as persoas con discapacidade.
- Sesións de traballo e terapia con familiares, así como tamén xornadas de descanso e/ou respiro familiar.
- Actividades de formación: Cursiños, charlas, viaxes culturais, seminarios, xornadas, simposios e conferencias con temas de interese para os sectores obxecto da entidade.
- Por en marcha os servizos de información e orientación precisos, e tamén, os centros e recursos necesarios para levar a cabo, os obxectivos plantexados.
- Establecer intercambios e colaboracións con institucións públicas e privadas, asinando, no seu caso, os convenios e acordos que se estimen pertinentes para a consecución dos fins acordados.
- Actividades de sensibilización, educación e mesmo actividades de presión ante gobernos e organismos.

- Elaborar e editar materiais audiovisuais ou de calquera outro tipo (Revistas, CD's, Trípticos, Carteis, Webs....) para informar de xeito periódico os asociados ou interesados, e difundir así a labor da entidade.
- Participar e colaborar en actividades organizadas por outras entidades que poidan ser de interese para a promoción e desenvolvemento dos fins desta organización.
- Calquera outra actividade lícita, que a xunta directiva considere axeitada para o cumprimento dos fins da asociación.

**Artigo 5.** O domicilio social da Asociación radicará na domicilio na Localidade de Cambre, rúa Río Brexa nº 4 – 3º D, C.P. 15660, Concello de Cambre, Provincia da Coruña, inda que se poderán empregar outros locais asociativos, ou abrir sedes noutras localidades, mediante acordo da Xunta Directiva.

**Artigo 6.** A asociación terá como ámbito de actuación a comunidade autónoma Galega

## **Capítulo II. Dos/Das asociados/as**

**Artigo 7.** Poderán ser integrantes da Asociación tódalas persoas físicas e/ou xurídicas que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación, con plena capacidade de obrar e que sexan admitidos pola Xunta Directiva logo de solicitalo por escrito:

**Artigo 8.** Dentro da Asociación poderán existi-las seguintes clases de asociados:

- a) **Fundadores/as**, todas aquelas persoas, (Persoas con discapacidade, pais, titores ou familiares con plena capacidade de obrar) que subscribiron a Acta Fundacional.
- b) **Ordinarios/as**, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscripción da acta fundacional, persoas con discapacidade, pais, titores, familiares ou con plena capacidade de obrar, que sintan interese polo desenvolvemento dos fins e actividades da asociación.
- c) **Colaboradores/as**, aquelas persoas xurídicas ou físicas distintas das anteriores, que axuden ó desenvolvemento dos fins da asociación.
- d) **Honorarios/as**, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.

Os socios menores de 30 anos poderán organizarse como unha rama ou sección xuvenil dentro da propia asociación, para así dar mellor resposta as demandas deste colectivo, podendo contar con un vocal dentro da xunta directiva.

**Artigo 9.** Os/As socios/as teñen os seguintes dereitos:

- Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
- Poder elixir e ser elixidos como cargos directivos.
- Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.

- Disfrutar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.
- Ter copia destes Estatutos.
- Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
- Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- Facer suxerencias ós membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación.
- Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

**Artigo 10.** Os/As socios/as teñen as seguintes obrigas:

- Cumprirlos presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e da Xunta Directiva.
- Prestar cantos servicios determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
- Asistir ás Asembleas Xerais.
- Desenvolve-las obrigas inherentes ó cargo que se ocupe.
- Satisface-las cotas ordinarias que se establezan pola Asemblea.
- Observar unha boa conducta cívica.
- Aqueles outras que sexan recollidos na lexislación vixente.

**Artigo 11.** Os/as socios/as colaboradores, así como os socios/as honorarios a diferenza do resto, non poderán intervir na dirección da Asociación nin nos órganos de representación da mesma, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.

**Artigo 12.** Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida. No caso de menores de idade e persoas que actúen a través de representante a solicitude deberá ser autorizada polo representante, pai ou titor do solicitante e se acompañará unha acreditación da identidade do solicitante.

**Artigo 13.** A condición de asociado pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Por falta de pago nas cuotas estipuladas.
3. Por realización de accións que prexudiquen gravemente ós intereses da Asociación.
4. Por expediente disciplinario.
5. Por aqueles outros que determine no seu caso o Regulamento de Réxime Interno.

**Artigo 14.** A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdicción ordinaria

**Artigo 15.** Os asociados/as poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dun asociado cando se esté tramitando un expediente sancionador, ou concurran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o retraso no pago dalgunha cuota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de réxime interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

## Capítulo III. Do funcionamento asociativo

### RÉXIME XERAL

**Artigo 16.** A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

### ASEMBLEA XERAL

**Artigo 17.** A Asemblea Xeral é o órgano de expresión da vontade da Asociación, estará integrada por tódolos/as asociados/as e tomará os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna. Actuando como Presidente/a e Secretario/a da Asemblea os mesmos que os da Xunta Directiva.

**Artigo 18.** A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario tantas veces o acorde a Xunta Directiva, o considere o/a Presidente/a ou o soliciten o 20% dos/das socios/as. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente/a, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

**Artigo 19.** A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase necesariamente dentro dos tres primeiros meses do ano. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con un mínimo de 15 días de antelación polo Presidente/a da Xunta Directiva, por medio de carteis informativos, no local social.

Na convocatoria han de aparecer o lugar, data e hora da xuntanza, así como a orde do día dos temas a tratar. Tamén deberá sinalarse a hora da segunda convocatoria, que como mínimo terá que separarse media hora da primeira convocatoria.

**Artigo 20.** Para que as Asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran un tercio do total dos/das asociados/as con dereito a voto na primeira convocatoria ou, pasado o prazo estipulado, con calquera número de asociados/as con dereito a voto en segunda convocatoria.

**Artigo 21.** Os/As socios/as poderán outorga-la súa representación, ós efectos de asistir ás Asembleas Xerais, en calquera outro/a socio/a. Tal representación outorgarase por escrito, e deberá obrar en poder do Secretario da Asemblea polo menos media hora antes de celebrarse a sesión.

**Artigo 22.** Son competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aproba-lo Plan de actuación proposto pola Xunta Directiva,
- b) Aproba-lo Orzamento proposto pola Xunta Directiva, así como examinar e aproba-los Balances e as Contas anuais do exercicio anterior.
- c) Fixa-las cotas ordinarias e/ou extraordinarias.
- d) Aproba-lo Regulamento de Réxime Interno da asociación.
- e) As demais que resulten dos Estatutos e non estean expresamente atribuídas á Asemblea Xeral Extraordinaria ou á Xunta Directiva.

**Artigo 23:** Son competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Elixi-los integrantes da Xunta Directiva.
- b) Aproba-la federación con outras asociacións.
- c) Modifica-los Estatutos da Asociación.
- d) Disolve-la Asociación e designa-los liquidadores.
- e) Expulsar a socios/as, a proposta da Xunta Directiva.
- f) Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- g) Solicita-la declaración de Asociación de Utilidade Pública.
- h) Acorda-la remuneración, no seu caso, dos membros dos órganos de representación

**Artigo 24.** Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen ós negativos, non sendo computables os votos en branco nin as abstencións.

Será preciso maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para os apartados comprendidos entre o b) e o g) do artigo anterior.

A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e asignara o/a Presidente/a e o/a Secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría simple.

**Artigo 25.** Os acordos que vaian en contra destes Estatutos ou dos fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará aberta a vía para recorrer diante da xurisdicción ordinaria.

**XUNTA DIRECTIVA**

**Artigo 26.** A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada polos cargos de: Presidente/a, Secretario/a, e os Vocais que o presidente estime necesarios.

Tódalas persoas que compoñen a xunta directiva deberán ser asociados/as cunha antigüidade de dous anos na asociación, maiores de idade e exerce-lo cargo de forma gratuíta.

Os cargos serán designados e revocados pola Asemblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de 3 anos, podendo ser reelixidos ó final do mandato.

**Artigo 27.** Os cargos da Xunta Directiva poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e/ou por expiración do mandato. Neste último caso, continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación de quenes os substitúan.

**Artigo 28.** As vacantes que se puideran producir na Xunta Directiva cubriranse provisionalmente por designación da mesma ata que a Asemblea Xeral elixa os novos membros ou confirme nos seus postos ós designados.

**Artigo 29.** A Xunta Directiva reunirase con carácter ordinario cada tres meses e con carácter extraordinario tantas veces o determine o Presidente/a ou a petición de tres dos seus membros. A convocatoria realizarase como mínimo con tres días de antelación mediante citación persoal na que se recollerá a orden do día. No caso de ausencia inustificada de calquera membro da Xunta Directiva por tres veces consecutivas podería procederse á súa destitución.

A Xunta Directiva quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto do/a Presidente/a será de calidade.

**Artigo 30.** As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral. En particular son facultades da Xunta Directiva:

- a) Dirixilas actividades sociais e leva-la xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realízalos oportunos contratos e actos.
- b) Convoca-las Asembleas Xerais e executa-los acordos nela acordados.
- c) Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral o Plan de actuación proposto pola Xunta Directiva
- d) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o Orzamento do exercicio, así como os Balances e as Contas anuais do exercicio pechado.
- e) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- f) Crear Comisións de traballo co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades ou recadar das mesmas as informacións necesarias. O cargo destas Comisións designarase un membro da Xunta Directiva.
- g) Nomear delegados para determinadas actividades da Asociación.
- h) Interpreta-los Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno e velar polo seu cumprimento
- i) Dictar normas de funcionamento non contempladas no Regulamento de Réxime Interno.
- j) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios.

## ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Asociación  
ESTADUTOS VINCULADOS

**Artigo 31.** O/A Presidente/a terá as seguintes atribucións:

- a) Ostenta-la dirección da Asociación velando polo cumprimento dos seus fins.
- b) Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados.
- c) Asinar calquera tipo de convenio ou contrato en nome da Asociación.
- d) Convocar, presidir e levanta-las sesións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, así como dirixi-las deliberacións que nelas se produzan.
- e) Ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas, certificacións e correspondencia.
- f) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle o no desenrolo das súas actividades resulte necesaria ou convinte, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- g) Expedir os títulos e diplomas outorgados pola asociación.

**Artigo 32.** O/A Secretario/a terá as seguintes atribucións:

- a) Ostenta-la dirección dos traballos administrativos da Asociación.
- b) Custodiar e leva-los libros de actas e de rexistro de socios/as, documentos e selos da asociación.
- c) Estende-las convocatorias e as actas das reunións, ademais de expedir certificacións das mesmas co visto e praxe do Presidente/a.
- d) Comunicación sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles ós Rexistros correspondentes, así coma a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan.
- e) Asumirá ademais as funcións que nel delegue o/a Presidente/a, substituíndoo en caso de vacante, ausencia ou enfermidade

**Artigo 33.** Entre as funcións do secretario/a estarán tamén as tradicionalmente asignadas o Tesoureiro/a, e serán:

- a) Ostenta-la dirección dos traballos de xestión económica da Asociación.
- b) Custodiar e leva-los libros de contabilidade e os inventarios, así como tódolos documentos económicos necesarios para a elaboración das contas e balances.
- c) Prepara-los Orzamentos, as Contas anuais e os Balances para a súa presentación diante da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.
- d) Recadar e custodiar-los fondos pertencentes á Asociación
- e) Dar cumprimento ás ordes de pago que expida o/a Presidente/a

**Artigo 34.** Os Vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así coma as que nazan das delegacións ou comisións de traballo ca propia Xunta as encomende.

## RÉXIME ECONÓMICO

**Artigo 35.** A Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro. Os posibles beneficios obtidos como consecuencia da súas actividades económicas,

incluídas ás prestacións de servizos, deberán destinarse, exclusivamente, ó cumprimento dos seus fins.

**Artigo 36.** O Patrimonio inicial da Asociación e de Cero Euros (0 €).

**Artigo 37.** O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

**Artigo 38.** O Orzamento da Asociación será anual, tendo que ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria de inicio do exercicio. Asemade, a liquidación do Orzamento terá que ser presentada na Asemblea Xeral Ordinaria inmediatamente posterior ó remate do exercicio.

**Artigo 39.** Anualmente e con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e balance de situación, que se formalizará nunha memoria e será posta a disposición dos/as socios/as, durante un prazo non inferior a quince días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

**Artigo 40.** Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas ordinarias dos/das asociados/as, que en ningún caso serán reintegrables.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
- c) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- e) As achegas voluntarias, que se considerarán como préstamos sen xuros, reintegrables nos termos que se pacten.
- f) Calquera outro recurso lícito.

**Artigo 41.** Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositadas os mesmos, deberán ter recoñecidas as firmas o/a Presidente/a, e un dos membros da xunta directiva, para o emprego conxunto delas.

**Artigo 42.** A disposición dos bens patrimoniais que se aproben regulamentariamente, han de ser aprobados pola Asemblea Xeral Extraordinaria.

## REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

**Artigo 43.** O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

## pítulo IV. Da modificación de Estatutos e Disolución

**Artigo 44.** Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou un cuarto dos/das asociados/as.

A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria terá a modificación dos Estatutos como único punto da orde do día e estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 10 días para que calquera socio/a poida dirixir á Xunta Directiva as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán postas a disposición cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

A aprobación da modificación dos Estatutos acordarase pola maioría cualificada das persoas presentes ou representadas.

**Artigo 45.** A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Pola vontade dos asociados/as acordada pola maioría cualificada das persoas presentes ou representadas.
- b) Por outras causas determinadas legalmente e/ou por sentenza xudicial firme.

**Artigo 46.** Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará dous asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente/a e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectúa-la liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

O haber líquido resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra entidade de carácter non lucrativo, inscrita no rexistro na Comunidade Autónoma, con domicilio na mesma localidade e teña similares fins ós desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

*[Signature]*  
DNI: 32.789.352-T

*[Signature]*  
32.786.662-R

*[Signature]*  
76570377K  
*[Signature]*  
76359246M

*[Signature]*  
78794585-L

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
Quedan VISADOS os presentes ESTATUTOS de ASOCIACIÓN PARA  
PERSONAS CON DISCAPACIDADE E FAMILIARES, ABELESA CAMERE  
correspondéndolle o número 10822, Sección  
do REGISTRO CENTRAL desta Comunidade Autónoma

Santiago de Compostela

10 OUT. 2007

O SECRETARIO XERAL



Asdo.: Santiago A. Roura Gómez